

IV PREMIO UDC SUSTENTABILIDADE A TRABALLOS FIN DE GRAO E MESTRADO 2021

BASES do «IV Premio UDC SUSTENTABILIDADE» aos traballos fin de grao (TFG) e fin de mestrado (TFM) que mellor integraron as dimensións da sustentabilidade nos seus proxectos.

I. OBXECTIVOS

A universidade da Coruña vén desenvolvendo nos últimos anos un programa de mellora continuada para a sustentabilidade no marco da [Guía para a sustentabilidade](#) na UDC (2011) e no [Plan estratéxico da UDC 2013-2020](#). Este obxectivo incluíu a creación de Comités ambientais nos centros (Programa *Green Campus*), a elaboración de plans sectoriais en Mobilidade e espazo público, Eficiencia enerxética, Uso sustentable da auga, Xestión de residuos e Ambientalización curricular. No marco destes plans desenvólvense iniciativas tales como a mellora da recollida selectiva de residuos, a compostaxe de residuos orgánicos, a introdución de equipamentos e prácticas de aforro e uso eficiente da enerxía e da auga, instalacións de produción de enerxía renovable, o préstamo de bicicletas, a conservación e mellora da biodiversidade nos espazos fluviais e forestais do campus universitario, a introdución de recomendacións e contidos relativos a sustentabilidade nas guías docentes, a promoción da saúde e dos hábitos de vida saudables, ou o programa de sensibilización e voluntariado ambiental. O recoñecemento coas bandeiras Green Campus para 7 centros (2019), e o resultado da avaliación internacional GreenMetric da sustentabilidade nas universidades (posición 65 a nivel mundial de 911 universidades participantes en 2020) son indicadores dos resultados acadados con estes programas.

As avaliacións externas pola CRUE-Sustentabilidade e GreenMetrics coincidiron en pór de manifesto a elevada puntuación da UDC nos eidos de ensino e investigación. Consciente desta significativa achega á sustentabilidade ambiental na UDC, a Vicerreitoría de Infraestruturas e Sustentabilidade, a través da Oficina de Medio Ambiente (OMA-UDC), quere contribuír ao seu recoñecemento e a potenciar aqueles estudos e traballos que contribúen a un mellor coñecemento e á adopción de medidas e prácticas de sustentabilidade no ámbito do campus e os centros universitarios, en particular, e ao desenvolvemento sustentable no ámbito galego ou ao coñecemento e sensibilización dos problemas ecolóxicos globais e a educación ambiental.

A dotación total destinada aos premios será de dous mil catrocentos euros (2400 €) **con cargo á partida orzamentaria 0200 422D 48002**. Quedan excluídos desta cantidade os posibles gastos administrativos relacionados co concurso, coa súa difusión ou coa publicación das obras seleccionadas.

II. MODALIDADES E DOTACIÓN

Os premios UDC SUSTENTABILIDADE presentan dúas modalidades:

- a) Premio aos traballos fin de grao da UDC que mellor integraren as dimensións da sustentabilidade nos seus proxectos



- b) Premio aos mellores traballos fin de mestrado da UDC que mellor integraren as dimensións da sustentabilidade nos seus proxectos.

En cada modalidade concederanse dous premios, I e II premio, e dous accésits, segundo se indica a continuación:

- Cada traballo premiado e os accésits recibirá un diploma acreditativo e a publicación nunha colección da UDC.
- O I premio en cada modalidade recibirá ademais 800 euros (sobre o que se aplicará unha retención do 19% de IRPF).
- O II premio en cada modalidade recibirá ademais 400 euros (sobre o que se aplicará unha retención do 19% de IRPF).

III. AVALIACIÓN

A avaliación para asignar os premios e accésits terá en conta os seguintes criterios:

- A afinidade coa temática da sustentabilidade ambiental, que se considerará como criterio imprescindible.
- A orixinalidade do tema e a súa achega a un ou varios dos obxectivos de sustentabilidade da [ONU](#) e do [compromiso social](#) (ambiental, igualdade, normalización lingüística, cooperación, promoción da saúde...) da UDC.
- Os resultados obtidos e/ou a súa aplicabilidade práctica á mellora da sustentabilidade nos campus e centros da UDC.
- Considerarase importante a calidade da memoria publicable, que debe ser de comprensión por públicos amplos, non limitados ao ámbito experto do traballo. De ser o caso, nesta memoria farase unha avaliación crítica dos posibles efectos ambientais dos procedementos, materiais ou técnicas que se poidan derivar do traballo.
- A adecuación á totalidade das presentes bases.

IV. REQUISITOS

Poden ser candidatos/as nesta convocatoria os/as estudantes da UDC que defenderon os TFG e TFM no ano 2021. Os/as candidatos/as, polo feito de se presentaren, outorgan permiso á OMA-UDC para publicar o traballo, na forma de memoria publicable, unha vez revisada de acordo coas indicacións da Comisión de avaliación.

V. SOLICITUDE, PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN

Os/as candidatos/as deben cubrir o formulario de inscrición que se achega xunto con esta convocatoria.

Este formulario de solicitude dirixirase á Vicerreitora de Infraestruturas e Sustentabilidade e **presentarase no Rexistro Electrónico da UDC, ou ben no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña** (Maestranza, 9, 15001 A Coruña) **ou nos rexistros auxiliares do campus da Coruña** (provisoriamente na Zapateira) **ou do campus de Ferrol** (Dr. Vázquez Cabrera s/n, Esteiro, 15403 Ferrol). Asemade, poderán presentarse por calquera dos procedementos previstos no Artigo 16.4 da Lei

39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo para a presentación de solicitudes **no Rexistro** vai desde o día seguinte á publicación desta convocatoria no taboleiro electrónico da UDC, e remata ás 14:00 h do día 31 de decembro de 2021.

Logo da presentación no Rexistro do formulario de inscrición, e dentro do mesmo prazo indicado anteriormente, farán chegar á Oficina de Medio Ambiente a seguinte documentación:

- a) **Memoria publicable** do traballo (TFG ou TFM): Memoria resumo, até un máximo de 20 páxinas e 5000 palabras (ver criterios de elaboración/formato máis abaixo). A Memoria publicable non precisa incorporar todos os aspectos formais do TFG, como o resumo en tres idiomas ou se se acadaron os obxectivos formais da formación en relación ao título, competencias, etc. Valorarase a escrita da memoria en galego, ou acompañar unha versión en galego, como contribución aos obxectivos de normalización lingüística da UDC. Así mesmo, na elaboración da memoria publicable, recoméndase centrarse no aspecto ou contido fundamental e mais orixinal ou máis logrado do traballo, non sendo necesario incluílo todo. A Memoria publicable deberá incluír necesariamente os datos de identificación (autoría, título do traballo, titulación), un resumo (<250 palabras), unhas conclusións (<350 palabras) e unha bibliografía que non supere as 20 referencias (todas elas citadas no texto). De ser axeitada, recoméndase a seguinte estrutura: título, resumo, introdución, materiais e métodos, resultados e discusión, conclusións e referencias bibliográficas. Neste documento farase mención explícita ás achegas do traballo en relación cos criterios indicados na base III desta convocatoria. No caso de o autor ou autora non considerar a elaboración desta memoria axeitada á temática e formato do traballo, entregará unha breve xustificación desta decisión. Esta opción débese considerar excepcional e poderá ser obxecto de valoración pola Comisión de Avaliación prevista nestas bases.
- b) Versión íntegra do traballo que se someteu a lectura e cualificación na correspondente convocatoria de TFG ou TFM, ou ligazón ao mesmo no RUC, de ser o caso.

Todos os documentos indicados nas liñas a e b anteriores, en formato PDF, deben ser enviados por correo electrónico ao enderezo oma@udc.gal, indicando no asunto «Premios TFG-TFM UDC sustentabilidade 2021». De non poder dispor do TFG ou o TFM en formato pdf, como podería ser o caso de audiovisuais, maquetas etc., entregarase no formato orixinal do traballo, directamente ou por envío postal á Oficina de Medio Ambiente, Edificio Xoana Capdevielle. Campus de Elviña, 15008 A Coruña.

Terminado o prazo de solicitude e revisadas as solicitudes, a OMA-UDC fará pública no taboleiro electrónico oficial da UDC a listaxe das solicitudes admitidas e, de ser o caso, non admitidas, indicando as razóns das posibles exclusións. As persoas interesadas disporán dun prazo de 10 días para, de ser o caso, corrixir as deficiencias indicadas, publicándose a continuación a listaxe definitiva.



Criterios de composición e formato da memoria publicable:

- A memoria conterá o menor número de instrucións de formato, incluírá unha liña de texto vacía como separación entre parágrafos, escrito a espazo simple e sen espazo anterior e posterior ao parágrafo.
- Os títulos de táboas e figuras escribíranse en liñas de texto (nunca como cadros de texto). O título de Táboa colocárase arriba desta, e o de Figura abaixo da mesma.
- Separárase cunha liña de texto vacía os subtítulos do texto anterior, e táboas e figuras do texto anterior e posterior.
- Limitárase o número de figuras e táboas, que serán de preferencia até 5 de cada una destas, até un máximo 10 de cada unha.
- Referencias (bibliografía): Incluír mínimo 5 referencias e máximo 20, sempre citadas no texto.

VI. COMISIÓN DE AVALIACIÓN E PRAZO PARA A RESOLUCIÓN

Os traballos serán avaliados por unha comisión constituída pola persoa titular da Vicerreitoría de Infraestruturas e Sustentabilidade, Amparo Casares Gallego, ou persoa en que delegue, que actuará como presidente/a, un experto en educación para a sustentabilidade ambiental membro do PDI da UDC, Pedro Vega Marcote, como vogal, e a persoa encargada da dirección da Oficina de Medio Ambiente da UDC, Manuel Soto Castiñeira, como secretario.

Así mesmo, a Comisión de Avaliación poderalle solicitar un informe científico-técnico previo a unha persoa experta na rama de coñecemento científico (Artes e Humanidades, Ciencias, Ciencias da Saúde, Ciencias Sociais e Xurídicas, Enxeñaría e Arquitectura) en que se encadra a temática do traballo.

A Comisión de Valoración estará rexida polos criterios de avaliación referidos no punto III destas bases.

A resolución será publicada na web da UDC e comunicada persoalmente por correo electrónico ás persoas participantes.

VII. PUBLICACIÓN DOS TRABALLOS

A OMA-UDC, coa colaboración do Servizo de Publicacións da UDC, publicará en liña nunha colección dotada de ISBN e baixo unha licenza Creative Commons Atribución-NonComercial-CompartirIgual 4.0 Internacional (CC BY-NC-SA 4.0) os traballos premiados e os accésits. Con este obxectivo, os autores e autoras dos traballos premiados comprométese en entregar á OMA os orixinais dos seus traballos en formato editable (texto, imaxe, etc) que lle sexan solicitados e a atender as indicacións de revisión que lles faga chegar a Comisión de avaliación.

Os ficheiros dos traballos que non resultaren premiados serán eliminados pasado o prazo de tres meses da resolución.

VIII. PUBLICIDADE

Os premios serán entregados durante un acto público organizado pola OMA-UDC. As persoas gañadoras aceptan a difusión do seu nome e imaxe, de ser o caso, nas comunicacións de carácter informativo ou divulgativo realizadas pola UDC.

TRATAMENTO DE DATOS DE CARACTER PERSOAL

De conformidade co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativa á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral sobre protección de datos ou RGPD), comunicámoslle que a información proporcionada a través deste formulario será tratada baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos contactos son: Oficina de Medio Ambiente, Ed. Xoana Capdevielle, Campus de Elviña, 15008-A Coruña, teléfono 881 015 688, correo electrónico oma@udc.gal, co obxectivo de xestionar os premios UDC SUSTENTABILIDADE aos traballos de fin de grao (TFG) e fin de mestrado (TFM).

Estes datos serán tratados durante o tempo imprescindible para alcanzar este obxectivo e serán conservados durante o período adicional dun ano ao remate das accións previstas no respectivo premio UDC SUSTENTABILIDADE aos traballos fin de grao e mestrado.

Ao cubrir este formulario, vostede acepta expresamente dito tratamento con propósito de cumprir a finalidade descrita e terá dereito a retirar ese consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos.

Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a eliminación dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá o dereito de opoñerse a este tratamento, así como solicitar, coa excepción dos casos de interese público e / ou exercicio dos poderes públicos, a portabilidade dos seus datos. Pode exercer estes dereitos a través dun escrito asinado e unha fotocopia do seu DNI enviados ao seguinte enderezo: Oficina do Medio Ambiente, Ed. Xoana Capdevielle, Elviña Campus, 15008-A Coruña, ou correo electrónico oma@udc.gal, coa referencia "protección de datos".

Ademais, ten dereito a presentar unha reclamación diante da Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

A Coruña, **novembro de 2021**

A Vicerreitora de Infraestruturas e Sustentabilidade por competencia delegada do Reitor

IV PREMIOS UDC SUSTENTABILIDADE A TRABALLOS FIN DE GRAO E MESTRADO 2021

FORMULARIO DE INSCRICIÓN

Nome:

Apelidos:

NIF:

Correo electrónico:

Teléfono:

Título do traballo:

Centro no que se presentou:

Data de defensa do traballo (dd/mm/aaaa):

Cualificación recibida (en base 10):

Rama do coñecemento a que se acolle

- ☐ Arte e humanidades
- ☐ Ciencias
- ☐ Ciencias da saúde
- ☐ Ciencias sociais e xurídicas
- ☐ Enxeñaría e arquitectura

Titores/as do traballo (Nomes e apelidos):

Como autor/a dun TFG ou TFM, presento a miña candidatura
a estes premios, despois de ter enviado toda a
documentación requirida nas bases ao correo-e oma@udc.gal

Sinatura

Att. Sra. Vicerreitora de Infraestruturas e Sustentabilidade



UNIVERSIDADE DA CORUÑA